
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	4
<i>Prácticas remuneradas</i>	4
<i>Emprego</i>	4
<i>Financiamento</i>	5
Participación dos cidadáns	7
<i>Iniciativas lexislativas</i>	7
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	7
Actos xurídicos	8
<i>Actos lexislativos</i>	8
<i>Outros actos</i>	8
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	9
Procesos por infracción contra España	11
Estatísticas do Eurostat	12
<i>Indicadores económicos</i>	12
<i>Outros datos</i>	12
Documentos do Tribunal de Contas da UE	14
Sondaxes do Eurobarómetro	15
Suxestións bibliográficas	16
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	16
<i>Outras obras</i>	17

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Discurso sobre o estado da UE

No seu discurso anual sobre o estado da UE, a presidenta da Comisión, a alemá Ursula von der Leyen, propuxo unha serie de iniciativas para reforzar a soberanía comunitaria en materia de Intelixencia Artificial (IA) e para a integración de *startups* con capital europeo, procurando reducir a dependencia dos EUA e do capital de risco asiático. Para a defensa, propuxo unha mudanza para unha economía de seguranza integrada cunha forte colaboración industrial e militar transfronteiriza. No dominio da enerxía, fixou como prioridade a independencia dos combustibles fósiles rusos e a creación de mercados propios de baterías e enerxías renovables. Para as empresas, prometeu menos burocracia, incentivos para os coches eléctricos europeos e fondos para apoiar a competitividade. Finalmente, aos investidores ofreceulle oportunidades en IA, defensa, enerxía limpa e infraestruturas críticas, sempre cunha estrutura cada vez máis condicionada pola lóxica da soberanía estratéxica.

Discurso de Von der Leyen [no sitio da Comisión](#).

Opinión sobre o discurso [no *The Guardian*](#) (en inglés).

Paracetamol

A Axencia Europea de Medicamentos (EMA, polas siglas en inglés) emitiu un comunicado confirmando que o paracetamol (tamén coñecido como acetaminofeno) pode ser usado para reducir a dor ou a febre durante a gravidez, se for clinicamente necesario, pois actualmente non existen novos elementos de proba que exixan alteracións ás actuais recomendacións da UE para utilización. O director médico da axencia, o doutor Steffen Thstrup, asegurou que «O paracetamol continúa a ser unha opción importante para tratar a dor ou a febre en mulleres grávidas. A nosa recomendación está baseada nunha avaliación rigorosa dos datos científicos dispoñibles e non encontramos evidencias de que tomar paracetamol durante a gravidez cause autismo en crianzas».

Comunicado de prensa [no sitio da EMA](#) (en inglés).

Tarifas da China

O Ministerio do Comercio da China anunciou que imporía tarifas temporais até 62,4 % sobre unha serie de produtos de porco e derivados procedentes da UE, no ámbito dunha investigación *antidumping* en represalia polas tarifas da UE sobre vehículos eléctricos chineses.

Máis información [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Acordo comercial cos EUA

O goberno dos EUA fixo público un comunicado oficial sobre a implementación do acordo comercial apalabrado coa UE en xullo, confirmando que as tarifas do 15 % sobre importacións de automóbiles e pezas de automóbiles procedentes da UE serán aplicadas retroativamente a partir de 1 de agosto. A Comisión acolleu con satisfacción a notificación, afirmando que demostra que a administración Trump «tomou as medidas necesarias para cumprir os compromisos asumidos no acordo marco».

Máis información [no *Politico*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE*](#).

Defensa con drons

Após unha serie de violacións do espazo aéreo dos estados membros por avións de guerra e vehículos aéreos non tripulados rusos, a UE acordou avanzar cos planos para despregar un «muro» de drons como elemento central das súas defensas orientais. Após unha reunión con ministros de 10 estados membros, na súa maioría da Europa Central e Oriental, alén da Ucraína (con cuxa experiencia se vai contar), o comisario da Defensa da UE, o lituano Andrius Kubilius, afirmou que un muro de drons para protección contra incursións aéreas era unha prioridade inmediata. A Comisión comprometeuse a traballar nos detalles técnicos e financeiros. Antes, a presidenta da Comisión, a alemá Ursula von der Leyen, anunciara 6.000 millóns de euros para crear unha «alianza de drons» coa Ucraína.

Máis información [no EuroEFE](#), [no The Guardian](#) e [no Politico](#) (en inglés).

Empréstimos para a defensa

A Comisión asignou provisoriamente 1.000 millóns de euros en empréstanos a España ao abrigo do instrumento de defensa SAFE, que mobilizará até 150.000 millóns de euros en créditos para os estados membros da UE faceren compras conxuntas de equipamento militar.

Máis información [no EuroEFE](#).

Política de cohesión

O Parlamento da UE e o Consello adoptaron actualizacións á política de cohesión 2021-2027. As mudanzas permitirán aos estados membros e ás rexións da UE redireccionar os fondos para novas prioridades estratéxicas, reforzando así os investimentos en competitividade, defensa, vivenda accesible e sustentable, resiliencia hídrica e transición enerxética.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Multa á Google

A Comisión multou a xigante tecnolóxica estadounidense Google con 2.950 millóns de euros por violar as regras de concorrencia da UE no sector da tecnoloxía de publicidade. Segundo Bruxelas, a Google favoreceu os seus servizos de tecnoloxía de publicidade en liña en detrimento dos concorrentes, abusando así da súa posición dominante no mercado de tecnoloxía de publicidade. A Comisión anunciou que ordenou á Google que suspenda estas prácticas e aplique medidas para evitar conflitos de intereses na cadea de fornecemento de tecnoloxía de publicidade. A Google anunciou que recorrería a multa.

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no Euractiv](#).

Adquisición de Itínere

A Comisión aprobou, nos termos do Regulamento das Concentracións da UE, a adquisición do control conxunto da Itínere Infraestructuras, S.A., de España, pola Swiss Life Holding A.G., de Suíza, e pola APG Asset Management N.V., dos Países Baixos. A transacción refírese principalmente á xestión e operación de concesións de peaxes.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Opinións en liña sobre aloxamentos turísticos

Diversos axentes no sector turístico da UE deron un paso para garantir a fiabilidade das avaliacións e clasificacións online de hoteis e outros tipos de aloxamento turístico, aprobando o «Código de Conduta para Avaliacións e Críticas Online de Aloxamento Turístico». O novo código aspira alcanzar unha maior transparencia e fiabilidade nas avaliacións en liña para consumidores e empresas do sector turístico. Esta iniciativa axudará a distinguir entre avaliacións auténticas de hóspedes que realmente se aloxaron nun lugar e as que non.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Valedora da UE](#). Varios prazos.
- [Tribunal de Contas da UE](#). Prazo de 1 de outubro a 30 de novembro.

Emprego

Procesos de selección de persoal contratado (CAST)

- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado (CAST). Sen prazo.

Procesos de selección para outros empregos

- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión. Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE. Varios prazos.
- Empregos para investigadores financiados polas accións [Marie Skłodowska-Curie](#) en diferentes campos científicos. Varios prazos.
- Empregos para investigadores no [Centro Común de Investigación da Comisión](#) (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos [ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Prazo até 9 de outubro.

Financiamento

Investigación e innovación

- [WASABI](#). Convocatoria aberta para experimentos 2. Prazo até 6 de outubro.
- [SoilTribes](#). Prazo até 10 de outubro.
- [COPILOT Call4Travel](#). Prazo até 10 de outubro.
- [Plano de negocio de cultura e creatividade 2024-2025](#). Prazo até 13 de outubro.
- [Terceira convocatoria aberta de DAIEDGE](#). Prazo até 14 de outubro.
- [Patrimonio cultural e tecnoloxías inmersivas](#). Prazo até 27 de outubro.
- [Programas de intercambio ENFIELD](#). Prazo até 31 de outubro.
- [Convocatoria aberta Resilmesh #2](#). Prazo até 5 de novembro.
- [Solucións innovadoras para a construción sustentable](#). Prazo até 7 de novembro.
- [DANSER para rexións asociadas](#). Prazo até 1 de novembro.
- [SMART ERA](#). Prazo até 4 de novembro.
- [Biodiversa-plus](#). Prazo até 7 de novembro.
- [Water4All 2025](#). Prazo até 13 de novembro.
- [iNNO SED](#). Prazo até 17 de novembro.
- [EEN2EIC. Nodos locais EEN](#). Prazo até 17 de novembro.
- [Primeira convocatoria aberta O-CEI](#). Prazo até 19 de novembro.
- [Ecosistemas de innovación interligados](#). Prazo até 20 de novembro.
- [Apoyo ás peme tecnolóxicas ucraínas](#). Prazo até 26 de novembro.
- [Fomento da restauración dos lagos europeos](#). Prazo até 30 de novembro.
- [QuantERA 2025](#). Prazo até 5 de decembro.
- [Bolsas de consolidación do Consello Europeo de Investigación](#). Prazo até 13 de xaneiro.
- [Clima, enerxía e mobilidade. Convocatoria 01-2026](#). Prazo até 20 de xaneiro.
- [Clúster de Enerxía. Convocatoria 02-2026](#). Prazo até 17 de febreiro.
- [EEN2EIC. Organizacións EEN](#). Prazo até 30 de xuño.

Sociedade dixital

- [DigiWind](#). Prazo até 15 de outubro.
- [ACHIEVE Convocatoria #2](#). Prazo até 20 de outubro.

- SPECTRO Convocatoria #2. Prazo até 20 de outubro.
- RESCHIP4EU Convocatoria #2. Prazo até 20 de outubro.
- Especialistas en intelixencia artificial emocional. Prazo até 20 de outubro.
- IA e datos para a transición ecolóxica. Prazo até 27 de outubro.
- TestCert-SK. Prazo até 31 de outubro.
- Ffplus. Prazo até 26 de novembro.

Política rexional e de cohesión

- Convocatoria aberta I3-4-SEAWEEP. Prazo até 22 de outubro.
- Creación de puntos de coordinación transfronteiriza. Prazo até 13 de novembro.
- Innovación no sector dos biofertilizantes e bioestimulantes. Prazo até 14 de novembro.

Transportes

- Empoderamento dos condutores de camiós. Prazo até 4 de novembro.

Educación, deporte e xuventude

- Programa EU4Health. Subvencións 2025. Prazo até 6 de novembro.

Saúde e alimentación

- EU4Health Axudas 2025. Prazo até 4 de decembro.

Cidadáns

- Construír a democracia europea con mulleres de orixe inmigrante. Prazo até 5 de decembro.
- Apoio aos valores europeos a través da participación dos cidadáns. Prazo até 18 de novembro.
- Proxecto Igualdade de Dereitos. Bolsas de intercambio. Prazo até 30 de novembro.
- Promoción dos valores da UE por ONG. Prazo até 31 de marzo.
- Igualdade de dereitos. Resposta rápida. Prazo até 15 de agosto.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- «Protexa os seus dereitos, protexa os seus voos». Prazo até 8 de agosto de 2026.

Consultas públicas aos cidadáns

Deporte e xuventude

- Unha visión estratéxica para o deporte en Europa: Reforzar o Modelo Europeo de Deporte. Prazo até 8 de decembro.

Saúde e alimentación

- Benestar de determinados animais nas explotacións: Modernización da lexislación da UE. Prazo até 12 de decembro.

Mercado único

- Regulamento sobre normalización: Revisión. Prazo até 17 de decembro.

Enerxía

- Plano de acción de electrificación. Prazo até 20 de novembro.
- Enerxía. Estratexia de calefacción e refrixeración. Prazo até 20 de novembro.

Sociedade dixital

- Segundo Regulamento de Chips. Prazo até 28 de novembro.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos publicados no último mes considerados máis relevantes.

Actos lexislativos

- Regulamento (UE) 2025/1925 da Comisión, de 18 de setembro de 2025, que fecha as pesqueiras de bonito nas augas do Reino Unido a navíos que arboran a bandeira dun estado membro da UE ou están rexistrados nel.
- Regulamento (UE) 2025/1733 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2025, relativo ao papel do almacenamento de gas para garantir o aprovisionamento de gas antes do inverno.
- Regulamento (UE) 2025/1731 da Comisión, de 8 de agosto de 2025, relativo a substancias canceríxenas, mutaxénicas en células xerminativas ou tóxicas para a reprodución suxeitas a restricións.
- Directiva (UE) 2025/1892 do Parlamento Europeo e do Consello, de 10 de setembro de 2025, relativa aos residuos. (Texto relevante para o EEE.)
- Directiva (UE) 2025/1788 do Consello, de 24 de xuño de 2025, que establece as regras de execución relativas ao exercicio do dereito de voto e de elegibilidade nas eleccións para o Parlamento Europeo dos cidadáns da UE residentes nun estado membro de que non sexan nacionais (reformulación).
- Decisión da Comisión de 04/09/2025 que declara unha concentración compatible co mercado común (Proceso n.º COMP/M.12088 - SWISS LIFE HOLDING / APG / ITINERE) con base no Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello (só o texto en inglés é auténtico).

Outros actos

- RELATORIO DA COMISIÓN 2024 RELATORIO ANUAL SOBRE A APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS DA SUBSIDIARIEDADE E DA PROPORCIONALIDADE E SOBRE AS RELACIÓNS COS PARLAMENTOS NACIONAIS.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Nono Relatorio Anual sobre o Mecanismo para os Refuxiados en Turquía.
- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre unha Nova Axenda Estratéxica UE-India.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Relatorio de Prospectiva Estratéxica 2025 Resiliencia 2.0: Fortalecer a UE para prosperar no medio da turbulencia e da incerteza.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Asuntos sociais

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-38/24](#), resolveu, sobre a discriminación no traballo, que a protección dos dereitos das persoas con discapacidade contra a discriminación indirecta esténdese aos pais de crianzas con discapacidade. As condicións de emprego e de traballo deben ser adaptadas para permitir que estes pais coiden dos seus fillos sen correren o risco de discriminación indirecta.

[Resumo da sentenza.](#)

Principios de dereito comunitario

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-225/22](#), resolveu que un tribunal dun estado é obrigado a considerar nula e sen efecto a decisión dun tribunal superior que non teña a condición de tribunal independente e imparcial previamente establecido por lei. Deberá ser este o caso cando tal consecuencia sexa necesaria para garantir a primacía do dereito da UE.

[Resumo da sentenza.](#)

Mercado interno

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-687/23](#), resolveu, sobre o Banco Popular, que os dereitos derivados das accións de nulidade e responsabilidade exercidas antes da resolución deste banco son opoñibles ao Banco Santander.

[Resumo da sentenza.](#)

Axudas de estado

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-59/23 P](#), anulou a decisión da Comisión que aprobaba a axuda de Hungría á central nuclear de Paks II. A Comisión debía verificar se a adxudicación directa do contrato de construción dos dous novos reactores a unha empresa rusa cumpría as regras de contratación pública da UE.

[Resumo da sentenza.](#)

Espacio de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-802/23](#), resolveu, sobre o principio *non bis in idem*, que unha persoa non pode ser procesada nun estado membro por un acto de terrorismo polo cal xa fose condenada noutro estado membro, mesmo que o crime sexa clasificado de forma diferente nese estado membro.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-305/22](#), resolveu que unha autoridade xudicial non pode rexeitar a execución dunha orde de detención europea e executar ela mesma a pena sen o consentimento do estado de emisión. Sen este consentimento, o estado

de emisión pode manter a orde de detención europea e executar el mesmo a pena no seu propio territorio.

[Resumo da sentenza.](#)

Protección de datos

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto C-413/23 P, clarificou o ámbito do concepto de datos persoais no contexto da transferencia de datos pseudonimizados para terceiros. O Tribunal de Xustiza anula a resolución do Tribunal Xeral que anulara a decisión do Supervisor Europeo para a Protección de Datos.

[Resumo da sentenza \(en inglés\).](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Transparencia

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar integramente a Directiva Omnibus do Punto de Acceso Único Europeo (ESAP) ([Directiva UE 2023/2864](#)) relativamente ás alteracións introducidas na Directiva Transparencia ([Directiva 2004/109/CE](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Producción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Producción industrial.
- Custos laborais na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Oferta de emprego na eurozona.
- Producción de servizos.
- PIB e emprego.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Linguas estranxeiras na educación obrigatoria.
- Prezos de viaxes organizadas.
- Pernoitas turísticas.
- Estatísticas rexionais.
- Medios de transporte de mercadorías.
- Transporte de mercadorías por estrada.
- Comercio de alta tecnoloxía.
- Comercio de materiais deportivos.
- Abandono do domicilio parental.
- Datos sobre o deporte.
- Estatísticas básicas.
- Condicións de vida.
- Peticións de asilo.

- Medios de transporte.
- Privacións materiais e sociais graves.
- Transporte de mercadorías por vías navegables interiores.
- Fluxos do mercado de traballo.
- Primeira autorización de residencia.
- Taxa de emprego.
- Estatísticas sobre as crianzas.
- Esperanza de vida.
- Suicidios.
- Protección temporal.
- Prezos da produción agrícola.
- Abetización básica en materia de datos.
- Exportacións de maquinaria e vehículos.
- Produción mercantil total.
- Metas de desenvolvemento sustentable: Educación de calidade.
- Estados candidatos e veciños.
- Axudas públicas para estudar.
- Queixas sobre polución.
- Problemas dentais non atendidos.
- Metas de desenvolvemento sustentable: Consumo e produción responsables.
- Aparellos conectados á internet.
- Consumo de proteínas.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 17/2025: Axuda da UE para o comercio destinada aos países menos adiantados – O financiamento da UE aborda as necesidades, mais non avanza na consecución do obxectivo para 2030.
- Relatorio Especial 18/2025: Flexibilidade do orzamento da UE.
- Relatorio Especial 19/2025: Escaseza crítica de medicamentos.
- Análise 05/2025: Estratexias de especialización intelixente na UE.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Actitudes en relación ao alargamento da UE

56 % dos cidadáns da UE son favorables a un novo alargamento da UE. O apoio é particularmente elevado entre os xoves: aproximadamente dous terzos das persoas consultadas con idades comprendidas entre os 15 e os 39 anos consideran que os (potenciais) demandantes deben adherirse á UE así que cumpriren as condicións necesarias.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Sondaxe do Parlamento da UE Primavera 2025

Nun mundo cada vez máis imprevisible, a UE aparece como un lugar de estabilidade aos ollos dos cidadáns, segundo o inquérito. Aínda que a aprobación da adhesión á UE atinxise os seus valores máis elevados en 2025, existen tamén fortes expectativas canto ao futuro papel da UE, cos cidadáns a colocaren o foco na seguranza, defensa, economía, paz e democracia. Os cidadáns esperan máis unidade entre os estados membros e máis medios para navegar no actual contexto internacional. N canto o orzamento de longo prazo da UE pos-2027 está a ser debatido, a gran maioría dos cidadáns apela á transparencia e á supervisión democrática sobre a forma en que será aprobado. O orzamento de longo prazo da UE precisa de ser suficientemente flexible para encarar os desafíos actuais e futuros, permitindo, ao mesmo tempo, á UE investir naquilo que realmente importa.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Llevat Vallespinosa, Jorge. 2025. *El régimen jurídico del diseño industrial, en España y en la UE*. Las Rozas: Aranzadi La Ley.

Nunha altura en que as regulamentacións de protección de deseños e modelos sufriron alteracións significativas, cuxos propósitos declarados inclúen facilitar e promover a utilización do sistema, este libro contribúe á comprensión deste concepto. A obra analiza o réxime substantivo e procesual e as alteracións á [Directiva \(UE\) 2024/2823](#) e ao [Regulamento \(UE\) 2024/2822 de 23 de outubro de 2024](#), as orientacións e decisións dos órganos de propiedade industrial e as sentenzas dos tribunais que as aplican. Procura explicar os obxectivos perseguidos polas súas disposicións, o seu contido e as razóns subxacentes a cada unha delas, así como os problemas que algunhas delas aínda ocasionan.

Cotino Hueso, Lorenzo, Pere Simón Castellano, e Alessandro Mantelero. 2024. *Tratado sobre el reglamento de inteligencia artificial de la Unión Europea*. Las Rozas: Aranzadi.

A través dunha estrutura temática que abrangue unha técnica de harmonización complexa, e como resultado da colaboración de especialistas de renome na área, este libro ofrece unha visión detallada dos múltiples aspectos regulamentarios, técnicos e éticos suscitados por [este regulamento](#). O obxectivo non é só fornecer unha guía práctica e teórica para especialistas académicos, profesionais e decisores políticos, senón tamén contribuír a un debate máis amplo sobre o futuro da IA na UE e o seu impacto global.

Blakeney, Michael. 2024. *The Protection of Geographical Indications: Law and Practice*. 3.^a ed. Cheltenham: Edward Elgar. <https://doi.org/10.4337/9781035332267>.

Nesta terceira edición, completamente revista e actualizada, o autor investiga as leis comunitarias que regulan a utilización de indicacións xeográficas na comercialización de produtos agrícolas, alimentos, viños e bebidas espirituosas, e produtos culturais como a artesanía. As principais actualizacións inclúen novos materiais que exploran o [Regulamento de 2023 sobre as indicacións xeográficas para produtos artesanais e industriais](#), e a protección das indicacións xeográficas do viño no ámbito da Organización Común dos Mercados Agrícolas.

Outras obras

Grard, Loïc. 2025. *Droit européen des transports*. Bruxelas: Bruylant.

A fonte do dereito dos transportes foi europeizándose desde o inicio da década de 1980. Aviación civil, mariña mercante, ferrocarrís, transporte por estrada e navegación interior: ningunha modalidade ficou de fóra do proceso. A lexislación da UE foi desenvolvida para liberalizar e ordenar os transportes. As leis de mercado e as leis de servizo público son complementadas, respectando o principio da concorrencia. Por fin, todo isto se insire na perspectiva da mobilidade sustentable de persoas e mercadorías e, por iso, prioriza o respecto polo ambiente, en liña co rumbo trazado polo Pacto Ecolóxico Europeo de 2019. En todos estes capítulos floreceron as regulamentacións comunitarias, sobrepóndose moitas veces, e mesmo substituíndo, as normas internacionais e estatais, para fundar un todo coherente denominado dereito comunitario dos transportes. Ao seu estudo está dedicada esta obra.

Richelle, Isabelle, Wolfgang Schön, e Edoardo Traversa, eds. 2025. *Abuse of Law in European Taxation*. Cham: Springer. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-87012-5>.

Este libro explora o significado e o impacto do concepto de abuso de dereito na tributación comunitaria. A loita contra os abusos gañou destaque en tres dimensións principais: como ferramenta metodolóxica para restrinxir o acceso a beneficios fiscais ao abrigo da lexislación da UE, como fundamento para xustificar o tratamento desvantaxoso das actividades e investimentos transfronteirizos e como obxectivo político subxacente á recente lexislación fiscal da UE. Os autores deste libro — especialistas académicos e profesionais de renome — discuten as cuestións máis urxentes relativas á prohibición do abuso en materia fiscal. Partindo dunha clarificación xeral de nocións como «elusión fiscal» e «planeamento fiscal agresivo» e informados por unha análise comparativa aprofundada do concepto de «abuso», os autores examinan regras especiais antielusión fiscal tanto na lexislación da UE sobre impostos indirectos como nas directivas da UE en vigor en materia de imposto sobre as sociedades. Os autores tamén lanzan unha luz crítica sobre o efecto das liberdades fundamentais comunitarias nas disposicións estatais anti-abuso. Por último, mais non menos importante, examínase o impacto do Imposto Mínimo Global (GloBE) recentemente introducido no funcionamento das regras anti-abuso.

Varju, Marton, e Kitty Mezei, eds. 2025. *The Challenges of Artificial Intelligence for Law in Europe*. Cham: Springer. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-86813-9>.

Á medida que a intelixencia artificial continúa a transformar o noso mundo, a UE está na vangarda para garantir que esta tecnoloxía serve os mellores intereses da humanidade. Este volume reúne especialistas en dereito, regulamentación, dereitos humanos, ética e política para fornecer unha análise abrangente da abordaxe pioneira da UE á regulamentación da IA. Colaboradores procedentes das áreas da investigación xurídica, da formulación de políticas e da práctica xurídica fornecen perspectivas únicas sobre os fundamentos xurídicos e políticos da Lei da IA e doutros documentos internacionais; a concepción e os requisitos regulamentarios da Lei da IA; os desafíos da utilización da IA nas áreas xurídicas e regulamentarias adxacentes; cuestións éticas en torno á tecnoloxía e o seu impacto na súa proliferación nos sectores público e privado; e desafíos relacionados coa conformidade e solucións prácticas en sectores chave.